

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE DECEMBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na AC-429. Treito: Neaño – Cabana. p.q. 2 + 176 – 3 + 740, de clave: AC/16/053.06, no concello de Cabana de Bergantiños.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, con cargo ao Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2017.

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 60%, nas subvencións derivadas da resolución pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación das Directrices de paisaxe de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación, por unha contía de seis millóns douscentos oitenta e seis mil douscentos trinta e oito euros con dezanove céntimos (6.286.238,19€), da obra da variante de Aradas en Santiago de Compostela, tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos oitenta e dous mil cincocentos euros (682.500 €), e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de prazas no servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con discapacidade física, nos concellos de Tomiño e limítrofes (Baiona, Gondomar, Oia, Tui e O Rosal). Tramitación documentalmente simplificada (expediente PA 62/2016). Importe do orzamento: douscentos vinte e sete mil seiscentos vinte e dous euros con sesenta céntimos (227.622,60 €). Valor estimado: catro millóns oitocentos trinta e oito mil cento noventa e nove euros con trinta céntimos (4.838.199,30 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión dun servizo público, en réxime de concesión, para o servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou persoas en situación de dependencia (SGAMP), polo procedemento aberto e tramitación ordinaria (expediente PA 81/2016). Importe do orzamento: tres millóns setecentos cincuenta e tres mil setenta euros con oitenta e tres céntimos (3.753.070,83€). Valor estimado: sete millóns cincocentos seis mil cento corenta e un euros con sesenta e tres céntimos (7.506.141,63€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión á Empresa de Tecnoloxías y Servicios Agrarios, S.A. (Tragsatec) dos traballos dos programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2017, por un importe total de sete millóns setecentos cinco mil seiscentos setenta e un euros con sesenta e nove céntimos (7.705.671,69 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Instrución de autorizacións en materia de acometidas, modificacións de liñas eléctricas de alta tensión e licenzas urbanísticas de instalación eléctricas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o recoñecemento con 3 estrelas pola European Innovation Partnership on Active & Healthy Ageing.

CONSELLERÍA DE MAR

- Informe sobre o balance de tráfico portuarios 2013 – 2016.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ESTRUCTURA ORGÁNICA DAS DISTINTAS CONSELLERÍAS

- ***Hai pequenas modificacións en órganos das consellerías de Facenda, Medio Ambiente e Economía***

O Consello da Xunta acaba de aprobar hoxe os decretos que fixan a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, así como dos órganos superiores e de dirección dependentes directamente da Presidencia da Xunta.

Precisamente ao respecto destes últimos, unha das novidades ten que ver coa Amtega, xa que será a Consellería de Facenda a que agora realice as funcións que viñan correspondendo á Vicepresidencia, como elevar os seus asuntos a Consello, nomear os membros do Consello Reitor ou exercer o control e o seguimento dos seus obxectivos. Así mesmo, determínase que no prazo máximo de tres meses se adoptarán as medidas necesarias para extinguir o Cixtec, cuxas funcións asumirá precisamente a Amtega.

Tamén en relación aos organismos dependentes da Presidencia da Xunta, se elimina a referencia á adscrición da extinta CRTVG á Secretaría Xeral de Medios, en coherencia co maior grao de autonomía establecido na Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

No marco da Consellería de Facenda tamén se refunden nunha soa a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro coa Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, pasa a denominarse Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Pola súa banda, na Consellería de Medio Ambiente modifícase a denominación de tres órganos superiores e de dirección, que pasa ademais, dous deles, de secretaría xeral a dirección xeral e quedan do seguinte xeito: Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático; Dirección Xeral de Patrimonio Natural e Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Por último, na Consellería de Economía, Emprego e Industria modifícase a denominación da Dirección Xeral de Comercio, que pasa a denominarse Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA SENDA PEONÍL E CICLISTA NA AC-429 PARA COMUNICAR NEAÑO E CARBALLA NO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

- *A súa base técnica é o proxecto de construción redactado pola Xunta neste ano 2016, que conta cun orzamento base de licitación que supera os 350.000€*
- *O Decreto de utilidade pública supón as expropiacións dos 28 predios para a execución desta senda entre estes núcleos*
- *O levantamento de actas previas e a licitación do contrato de obras prevense tamén para principios do ano 2017*
- *En dous tramos, a senda executarase sobre o antigo trazado da AC-429 para minimizar as afeccións*
- *Coa construción deste itinerario haberá un camiño peonil continuo nesta estrada, de 6,8 quilómetros, dado que a vía xa conta con sendas desde o seu inicio en Ponteceso ata Neaño (2,17 km) e desde Cabana ata Taboído (3,09 km)*

O Consello da Xunta aproba o Decreto polo que se publica e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda peonil e ciclista na estrada AC-429, no treito que une Neaño e A Carballa, ao seu paso polo concello de Cabana de Bergantiños, concretamente entre os puntos quilométricos 2+176 e o 3+740. O orzamento base de licitación do proxecto de construción supera os 350.000 €, que achegará a Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

O Decreto de utilidade pública supón as expropiacións das 28 fincas, que terán un investimento de algo máis de 48.000 €, necesarias para a execución dunha senda para uso peonil e ciclista na estrada AC-429 (Ponteceso–Laxe), que permitirá comunicar Neaño coa Carballa, núcleos que contan xa con beirarrúas.

O levantamento de actas previas e a licitación do contrato de obras prevense tamén para principios do ano 2017.

A senda, que terá unha lonxitude de 1.564 metros, desenvolverase no concello de Cabana de Bergantiños. Executarase en formigón, pola marxe esquerda da estrada desde o punto quilométrico 2+176 (intersección coa DP-1406 a Cesullas situada no núcleo de Neaño) ata o 3+565, lugar en que existe un paso inferior que se utilizará para cruzar a estrada; desde ese punto, pola falta de espazo na marxe esquerda, a senda continúa pola marxe dereita da estrada ata o p.q. 3+740 (entrada na Carballa), aproveitando o camiño existente ao pé do noiro.

A sección tipo terá, salvo en puntos localizados en que as edificacións existentes non o permitan, un ancho mínimo de 2,0 m e contará nos tramos en que é posible cunha

banda vexetal de separación da calzada de 0,5 m. Para acadar esta sección e dotar ao treito dunha solución homoxénea, será demolida a senda existente nalgúns subtramos, de ancho reducido. En dous tramos, a senda executarase sobre o antigo trazado da AC-429, para minimizar as afeccións.

Coa construción da senda existirá un camiño peonil continuo nesta estrada, de 6,8 quilómetros, dado que a vía xa conta con sendas desde o seu inicio en Ponteceso ata Neaño (2,17 km) e desde Cabana ata Taboído (3,09 km).



Antecedentes

No ano 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas (AGI) redactou o *Estudo para o fomento da mobilidade sustentable: sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Bergantiños* no cal se identificaron como prioritarios sete treitos de actuación nesta comarca.

Tras a súa finalización comezouse coa redacción dos proxectos destes once treitos, que foron definidos ou se están a definir en sete proxectos de construción. Como resultado, a Axencia Galega de Infraestruturas executará cerca de 11 quilómetros de novas sendas na Comarca de Bergantiños, cun orzamento que supera os 5 M€.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten previsto acometer as obras nos próximos catro anos e conta para iso co financiamento asegurado ao terse incluído no Programa operativo de Galicia dos fondos europeos Feder para o período 2014 -2020:

- Os contratos para a execución de dúas sendas (Carballo a Bértoa e Xornes a Buño e Cantalarrana) xa foron licitados pola AGI no pasado mes de setembro.
- O terceiro dos proxectos é o itinerario peonil e ciclista na AC-429, treito Neaño – Cabana, p.q. 2 + 176 - 3 + 740.
- Tamén se licitará nos próximos días o contrato para a execución dunha senda entre Paiosaco e A Laracha, que non precisa de expropiacións.
- Os tres restantes proxectos están en avanzada fase de redacción.



A XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA ENTIDADES SOCIAIS QUE APOIAN MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE E PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA

- ***No programa de loita contra a explotación sexual e a trata de seres humanos, a convocatoria para o ano que vén supera os 484.000 euros***
- ***Para o desenvolvemento de programas de recursos integrais para mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade, o orzamento para o 2017 ascende a 1.420.000 millóns de euros***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo que establece as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, así coma para o desenvolvemento de proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual e trata, ambas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, para o ano 2017.

Así, por unha banda foi aprobada a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento de programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a colectivos de mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade, como vítimas de violencia de xénero ou de violencia doméstica, de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas, inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría étnica ou reclusas, cun orzamento de 1.420.000 millóns de euros.

Poderán ser obxecto de subvención os programas de recursos integrais específicos para mulleres xestantes ou lactantes en situación de especial vulnerabilidade, con fillas ou fillos menores de tres anos; programas de recursos integrais de atención personalizada e especializada a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, pertencentes a un ou varios colectivos en que conorra a dita situación. A contía máxima da axuda que se pode conceder a cada entidade ao abeiro desta convocatoria é de 40.000 euros.

Para poder acceder ás subvencións, as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro deben estar inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais; ter domicilio social ou delegación en Galicia e non atoparse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As actuacións deberán encadrarse en servizos de orientación e información sobre recursos singularizados, de atención, orientación e asesoramento persoal e social, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que

faciliten ás persoas usuarias o seu proceso de integración social; servizo de atención psicolóxica; servizo de asesoramento xurídico; servizo de mediación intercultural e/ou familiar; actividades para a adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade; servizos ou medidas de apoio e orientación laboral para a mellora da empregabilidade e de acompañamento na busca de emprego, incluído o emprego por conta propia e o emprendemento, así como a prospección do mercado de traballo, a intermediación e a titorización laboral e profesional.

Proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral

O Consello da Xunta tamén acordou hoxe autorizar o anticipo das subvencións para proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral. As subvencións están dirixidas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral.

Poden ser beneficiarias as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que estean inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais carezan de ánimo de lucro teñan o seu domicilio social ou delegación en Galicia e cumpran os requisitos e condicións establecidos na resolución

Para esta convocatoria, o orzamento é de 484.276 euros, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e o importe máximo de cada axuda será de 70.000 euros. Cabe destacar que esta convocatoria para este ano incrementouse en preto dun 32 por cento respecto á convocatoria do ano 2015 e que practicamente se mantén a mesma contía para o ano que vén.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA INICIAR O TRÁMITE DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DAS DIRECTRICES DE PAISAXE CO FIN DE APROBALAS EN 2017

- *A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio presentou esta mañá este documento que completará os instrumentos de xestión integral da paisaxe para todo o territorio galego*
- *Establécense unhas directrices xerais sobre a paisaxe no planeamento, outras para elementos presentes nos distintos tipos de paisaxe, como infraestruturas, parques eólicos, elementos de patrimonio, e directrices para acadar os obxectivos de calidade paisaxística en cada grande área e nas unidades de paisaxe*
- *As directrices inclúen a definición de indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e da evolución das unidades de paisaxe*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá foi informado do contido do borrador das Directrices de paisaxe, que agora inician o seu trámite de avaliación ambiental co obxectivo de contar co documento definitivo e aprobado no vindeiro ano.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio presentou o documento que, xunto co Catálogo da Paisaxe, constitúe o Atlas das paisaxes de Galicia e que completará os instrumentos de xestión da paisaxe para a totalidade do territorio galego, establecidos na Lei de protección da paisaxe de Galicia.

As Directrices de paisaxe establecen as determinacións que –baseadas nos catálogos da paisaxe– definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden acadar. O documento define varios tipos de directrices coas que dar resposta aos diferentes obxectivos de calidade paisaxística:

1. **Directrices xerais**, co fin de que a paisaxe se inclúa no planeamento urbanístico e nos instrumentos de ordenación ou xestión do territorio (instrumentos de ordenación e xestión de espazos naturais, de ordenación e xestión forestal e procedementos de reestruturación parcelaria) e directrices para a integración paisaxística das construcións en solo rústico.
2. **Directrices para elementos** que existen en distintos tipos de paisaxe, como as infraestruturas enerxéticas e viarias, parques eólicos, bancais, peches, valados, sebes, elementos do patrimonio cultural materiais e inmateriais, polígonos industriais, sendas, os itinerarios do Camiño de Santiago, vías históricas e tradicionais, miradoiros e puntos de observación.
3. **Directrices** para acadar os obxectivos de calidade paisaxística de cada **grande área paisaxística** e das diferentes **unidades de paisaxe**.
4. **Directrices para áreas de especial interese paisaxístico e ámbitos de especial atención paisaxística**, serán normas e recomendacións máis específicas e reguladoras que fan referencia á limitación das actividades extractivas,

condicións para as liñas eléctricas, antenas e para a avaliación do impacto de infraestruturas.

En consonancia coa Lei de protección da paisaxe de Galicia, as Directrices de paisaxe inclúen uns indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e evolución das unidades de paisaxe; así como normas e recomendacións para a integración dos obxectivos de calidade paisaxística nos plans urbanísticos e nas estratexias rexionais ou locais. Estas determinacións impleméntanse mediante directrices excluínates ou orientativas, de carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística. As directrices excluínates obrigan á súa incorporación no sentido indicado na directriz, mentres que as directrices orientativas establecen un marco de vinculación aberto en canto ás opcións que se van desenvolver.

Con este documento, desde a Xunta de Galicia, quérese incidir na relevancia da paisaxe como recurso para o desenvolvemento económico, non só desde o punto de vista turístico, senón tamén desde un enfoque social e ambiental. A paisaxe de Galicia é un dos factores de calidade que diferencia o territorio galego e proporciona oportunidades de desenvolvemento futuro.

Tamén se fomenta a concienciación no coidado da paisaxe de Galicia, pois a calidade da paisaxe e a súa integración coas actuacións no territorio son indicadores do grado de desenvolvemento dunha sociedade, e a súa xestión e ordenación son un factor clave para a competitividade dun territorio. Ademais, unha paisaxe coidada e atractiva incentiva comportamentos respectuosos co medio ambiente.

Coas Directrices de paisaxe de Galicia, a Xunta desenvolve medidas integradas na Estratexia da paisaxe galega, co fin de protexer, xestionar e ordenar os diferentes tipos de paisaxe galega, así como de integrar a consideración da paisaxe en todas as políticas territoriais e sectoriais da Xunta de Galicia. Agora ábrese o período de avaliación ambiental que exige a realización de varios trámites, como as consultas previas, un informe ambiental, a exposición pública durante dous meses... ata elevar novamente ao Consello da Xunta o decreto de aprobación definitiva.

Proceso de participación pública

O proceso de participación pública para a elaboración das Directrices de paisaxe tivo lugar entre o 25 de febreiro e o 22 de abril deste ano. Para acadar unha participación pública o máis efectiva posible, leváronse a cabo diferentes tipos de accións, como a realización de 64 obradoiros participativos (un en cada unha das 50 comarcas paisaxísticas e 14 solicitados por entidades interesadas), nos cales participaron un total de 776 cidadáns. Tamén se habilitou unha plataforma web, na cal 882 usuarios cubriron 988 enquisas fotográficas e valoraron 2.202 escenas paisaxísticas, para as

cales seleccionaron 25.616 medidas de protección, xestión e ordenación da paisaxe entre as propostas e propuxeron 1.399 novas medidas. Estes datos complementáronse coa información obtida dos 1.451 cuestionarios cubertos, elaborados polo Instituto de Estudos do Territorio.

A partir dos datos recollidos neste proceso, calculáronse índices de satisfacción e índices de intervención desexada para cada tipo de paisaxe e grande área paisaxística. Os valores destes índices definiron un escenario de protección, xestión ou ordenación para as unidades cun mesmo tipo de paisaxe en cada Grande Área Paisaxística. O escenario resultante dirixiu e condicionou a redacción dos obxectivos de calidade paisaxística para as diferentes unidades de paisaxe e grandes áreas paisaxística. Ademais, definíronse obxectivos de calidade paisaxística para elementos que poden estar presentes en diferentes tipos de paisaxe, así como para as áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) delimitadas no catálogo e para os tipos de ámbitos de especial atención paisaxística (AEAP) definidos no mesmo documento, e finalmente, obxectivos xerais para Galicia.

En resumo, coas Directrices de paisaxe de Galicia, a Xunta está a desenvolver as medidas integradas na Estratexia da paisaxe galega, co fin de protexer, xestionar e ordenar os diferentes tipos de paisaxe galega, así como de integrar a consideración da paisaxe en todas as políticas territoriais e sectoriais da Xunta de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DA VARIANTE DE ARADAS, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 6,3 MILLÓNS DE EUROS

- *A nova vía, cunha lonxitude próxima a 1,6 km, funcionará como variante polo norte de Santiago, comunicando o Polígono do Tambre coas estradas Santiago de Compostela-Santa Comba (CP-0701) e Santiago de Compostela- Trazo (CP-7804)*
- *A actuación mellorará o acceso a ese centro empresarial e desconxestionará as vías do nordeste da capital, evitando o paso de tráfico pesado polo barrio de Vite e diminuíndo os tempos de percorrido*
- *A nova infraestrutura mellorará a conexión entre a cidade e as vilas de Portomouro, Santa Comba, Val do Dubra, Carballo, e Trazo*
- *O trazado comeza cunha rotonda no cruce das estradas CP-0701 e CP-7804, segue en dirección oeste-este, salvando o río Sarela, e alcanza o polígono á altura da intersección das vías Marconi e Nobel, onde se empraza unha segunda glorieta*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras da Variante de Aradas, en Santiago de Compostela, cun orzamento de preto de 6,3 millóns de euros. Esta infraestrutura, de novo trazado e cunha lonxitude próxima a 1,6 km, funcionará como variante polo norte de Santiago de Compostela, comunicando o polígono do Tambre coas estradas Santiago de Compostela-Santa Comba (CP-0701) e Santiago de Compostela-Trazo (CP-7804).

O trazado comeza cunha rotonda no cruzamento das estradas CP-0701 e CP-7804, segue en dirección oeste-este, salvando o río Sarela, e alcanza o polígono do Tambre á altura da intersección das vías Marconi e Nobel, onde se empraza unha segunda glorieta.


A nova estrada canalizará os tráfico procedentes de Portomouro, Santa Comba, Val do Dubra, Carballo e Trazo que se dirixan á zona industrial do Tambre ou á rede de estradas situada ao leste de Santiago, que actualmente teñen que circular polo núcleo urbano da capital galega. Polo tanto, a actuación mellorará o acceso e desconxestionará a rede situada ao nordeste da capital, diminuíndo os tempos de percorrido.

A nova infraestrutura desviará un importante volume de tráfico que circula actualmente polo barrio de Vite e servirá de variante noroeste de Santiago ao permitir o acceso, a través do polígono do Tambre, á N-550.

O proxecto enmárcase no Plan sectorial da rede viaria de Santiago de Compostela, Ames e Teo e no Programa de actuacións en medios urbanos do Plan move da Xunta de Galicia, que formula as obras necesarias para resolver os problemas existentes no

acceso ás grandes cidades e completar e mellorar a conectividade das redes viarias das áreas metropolitanas.





A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E A FEGAMP RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA A LIMPEZA DOS CPI

- *O departamento educativo da Xunta de Galicia achegará 682.500 euros á Federación Galega de Municipios e Provincias para que esta se faga cargo destas tarefas en 36 centros públicos integrados de toda o territorio galego*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) renovarán un ano máis a súa colaboración para a limpeza de 36 centros públicos integrados (CPI). Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á subscrición dun novo convenio de colaboración entre ambas as entidades a través do que o departamento educativo do Goberno autonómico achegará á Fegamp un total de 682.500 euros para que esta entidade se faga cargo das devanditas tarefas.

O convenio enmárcase no acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp no ano 2008 para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

O obxectivo deste acordo é manter unha coordinación entre administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficaz e eficiente posible. Deste xeito evítanse tamén duplicidades e favorécese un uso responsable dos recursos.

A XUNTA DE GALICIA PORÁ Á DISPOSICIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA DA ÁREA DE TOMIÑO 15 PRAZAS DE ATENCIÓN DIÚRNA TERAPÉUTICA E OUTRAS 15 DE TRANSPORTE

- ***A Administración autonómica investirá preto de 200.000 euros neste contrato de xestión***
- ***A creación destas prazas contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as demandas e os desexos das persoas con necesidades de atención, así como os das súas familias***

A Xunta de Galicia porá á disposición das persoas con discapacidade física de Tomiño e dos concellos limítrofes (Baiona, Gondomar, Oia, Tui e O Rosal) 15 prazas de atención diúrna terapéutica e 15 prazas de transporte. Así se acordou no Consello da Xunta celebrado hoxe a través dun contrato de xestión de servizos públicos na modalidade de concerto.

A creación destas prazas nos servizos de atención diúrna contribúe á implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as demandas e os desexos das persoas con necesidades de atención, así como os das súas familias.

Na área referida hai preto de 2.100 persoas con diferentes diagnósticos relacionados coa discapacidade física e necesidades de apoio extenso e xeneralizado, de acordo cos datos do censo de persoas con discapacidade. Delas, máis dun 20% concéntranse no concello de Tomiño. Deste xeito, tendo en conta o número de expedientes de recoñecemento da situación de dependencia que demandan este servizo, e en virtude da Lei 39/2006, do 14 de decembro, a Administración autonómica dá cumprimento á prioridade de servizos fronte á supletoriedade das prestacións económicas.

Dos 227.622,60 euros do importe do orzamento para este contrato, a Xunta de Galicia investirá 195.100,80 euros, o que supón o 85 % da cantidade total. O prazo de execución comprende dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro dese mesmo ano.

Esta actuación enmárcase na Lei de dependencia e complementa o Catálogo de servizos de atención á dependencia previstos na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Ademais, fomenta o emprego neste tipo de servizos.

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA O CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE OU EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

- *O importe do orzamento ascende a 3,7 millóns de euros e o valor estimado do contrato é de 7,5 millóns de euros, tendo en conta que as súas eventuais prórrogas poden facer que a execución chegue aos dous anos*

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde ao contrato de xestión de servizos públicos, na modalidade de concesión, do Servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia. O importe do orzamento de licitación ascende a un total de 3.753.070,83 euros e o seu valor estimado supón un montante global de 7.506.141,63 euros, tendo en conta que as eventuais prórrogas poden facer que a execución chegue aos dous anos.

Esta nova proposta de contrato obedece a que a vixente contratación do servizo remata en febreiro de 2017 e consolida o modelo que está en funcionamento desde o ano 2014. Así, garántese continuar con esta atención gratuíta a todas ás persoas que teñen recoñecida a condición de poderen ser beneficiarias deste servizo, que actualmente son 8.665. Esta prestación atende exclusivamente as necesidades de desprazamento de carácter puntual, realizáronse en 2015 un total de 58.116 servizos que permitiron atender practicamente toda a demanda solicitada.

O servizo segue a organizarse en lotes, cada un dos cales se corresponde cunha área territorial que cobre as necesidades básicas das persoas usuarias residentes na dita área. Neste sentido e atendendo á razón de eficacia en función do número de beneficios e quilómetros de desprazamento xerado, aconséllase unha agregación territorial dos lotes de Lemos no de Lugo, así como dos actuais de Valdeorras e Verín no de Ourense, o que suporá un beneficio por redución do custo para a Administración.

A través deste servizo de apoio á mobilidade, a Xunta de Galicia reforza dos obxectivos básicos: a promoción da autonomía persoal dos usuarios e a participación destes na vida diaria. De feito, esta prestación ten como finalidade poñer a disposición das persoas con discapacidade e dependentes que teñan recoñecida a imposibilidade de utilizar o transporte público colectivo, un transporte adecuado que lles permita a súa mobilidade e o seu acceso, en condicións de igualdade efectiva, aos recursos de promoción da súa autonomía persoal, así como a súa participación no contorno habitual.

A XUNTA DESTINARÁ 7,7 MILLÓNS DE EUROS EN 2017 AO MANTEMENTO DO ESTATUS SANITARIO DA CABANA GANDEIRA GALEGA

- *O Consello aprobou hoxe esta medida, que persegue manter a cualificación sanitaria das explotacións gandeiras, así como o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades, limpeza de vehículos e loita contra a velutina*
- *Tras a declaración de Galicia como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa, o obxectivo é acadar canto antes este mesmo status para a tuberculose bovina e a brucelose bovina*
- *No 2015 controláronse máis de 33.000 explotacións bovinas para facer seguimento de diversas doenzas, retiráronse máis de 5.000 niños de vespa velutina e realizáronse 8.500 servizos de limpeza de vehículos de gando*

A Xunta destinará en 2017 un total de 7,7 millóns de euros a financiar as campañas de saneamento do gando e outras medidas sanitarias relacionadas coa cabana gandeira galega. O Goberno galego aprobou hoxe esta medida, que persegue manter a cualificación sanitaria das explotacións gandeiras, así como o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas en que se detectan animais enfermos e dos vehículos de transporte das reses. Estes fondos destinaranse, ademais, a sufragar o plan de control en relación coa vespa velutina.

Con estas actuacións establécense os mecanismos para desenvolver correctamente os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, a execución dalgúns plans de vixilancia destas doenzas, a xestión dos centros de limpeza e desinfección dos vehículos de transporte de gando por estrada e o devandito Programa de vixilancia e control da vespa velutina en Galicia.

Ademais, tras a declaración de Galicia como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa, o obxectivo é ser declarada canto antes rexión oficialmente indemne de tuberculose bovina e brucelose bovina.

Estas medidas teñen como finalidade a cualificación sanitaria das explotacións, segundo o establecido na normativa nacional e comunitaria, asegurando o mantemento do estatus sanitario de Galicia e a comercialización sen trabas dos produtos de orixe animal.

Neste sentido, ao longo do 2015 controláronse máis de 33.000 explotacións e revisáronse preto de 835.000 reses dentro do programa de erradicación da tuberculose bovina, confirmándose a tendencia de descenso de prevalencia desta doenza. De

continuar esta evolución positiva, a nosa comunidade podería ser declarada oficialmente indemne desta enfermidade no horizonte do 2021.

No que atinxe á brucelose bovina, en 2015 controláronse máis de 32.000 explotacións en Galicia e unhas 680.000 reses, confirmándose por sexto ano consecutivo a ausencia de granxas positivas a esta doenza, polo que a nosa comunidade continúa no cómputo de prazos cara á declaración de rexión oficialmente indemne da enfermidade, que mesmo podería producirse a comezos de 2017.

Outras actuacións desenvolvidas en 2015 foron o control de preto de 8.000 explotacións e case 80.000 reses para o seguimento da brucelose ovina e cabrúa e, no atinxinte á vespa velutina, a retirada ou inactivación de 5.045 niños (neste 2016 o número ascende a 8.194). Tamén en 2015 se realizaron un total de 8.502 servizos de limpeza e desinfección de vehículos de transporte de gando nos 13 centros que xestiona a Consellería do Medio Rural no territorio galego.

Os gandeiros de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvoltas pola Administración galega fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estatus sanitario do máis alto nivel, moi superior ao existente noutras autonomías españolas e mesmo noutros países europeos.

A XUNTA SUPRIME BARREIRAS ADMINISTRATIVAS PARA FACILITAR A EXECUCIÓN DE OBRAS NA REDE DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA DE GALICIA

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria presenta un novo regulamento que, co obxectivo de facilitar a tramitación de expedientes, simplifica e recolle nun único documento as modificacións realizadas a nivel lexislativo en materia de instalacións eléctricas*
- *A nova proposta, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, permite que non sexa necesaria a autorización previa para a realización de acometidas e para traballos que supoñan modificacións non substanciais nas liñas de alta tensión*
- *Esta medida tamén inclúe que as obras de instalación eléctrica que non precisen de proxecto de edificación se poidan executar a través dunha comunicación previa municipal*
- *Proporciona seguridade xurídica e facilita a comunicación entre a cidadanía e a Administración, dentro da liña xa marcada coa Oficina Doing Business, a Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e a través do decreto polo que se crean as entidades de certificación de conformidade municipal*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, no marco do seu compromiso por facilitar a tramitación de solicitudes e dos expedientes administrativos, acaba de presentar un regulamento que permite que non sexa necesaria a autorización previa para a realización de acometidas eléctricas, así como para traballos que non supoñan modificacións substanciais nas liñas de alta tensión. Ademais, este novo marco lexislativo inclúe tamén que as obras relativas a instalacións eléctricas que non requiran proxecto de edificación non precisarán licenza urbanística, polo que quedarán suxeitas á realización dunha comunicación previa no concello onde se leve a cabo dita actuación.

Con esta decisión, da cal se informou hoxe no Consello da Xunta, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, simplifica e da maiores facilidades aos interesados á hora de tramitar solicitudes vinculadas con instalacións eléctricas. Ademais de reducir os obstáculos burocráticos, a nova medida permitirá ordenar e coordinar os recursos con que conta a propia Administración, e proporcionará seguridade xurídica aos actores económicos e usuarios afectados; ao tempo que, seguindo os pasos fixados na Axenda da Competitividade Galicia-Industria 4.0, fortalecerá a iniciativa empresarial, axilizando novos proxectos e posibilitando a creación de novos empregos.

Nos últimos anos entraron en vigor diferentes modificacións lexislativas que tiveron por obxecto fomentar e consolidar a actividade emprendedora, ao mesmo tempo que flexibilizaron ou cambiaron a exigencia de determinados actos de intervención no eido administrativo. En concreto, producíronse cambios tanto no ámbito eléctrico, coa

aprobación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, como no eido urbanístico coa Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e coa Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Con esta medida, a Xunta recolle e coordina todas as modificacións realizadas a nivel lexislativo para clarificar o réxime xurídico aplicable á construción de determinadas infraestruturas eléctricas. As principais vantaxes son que, de non establecerse de modo expreso a súa necesidade, as acometidas, é dicir, as instalacións de nova extensión de rede, non requiren autorización administrativa previa de construción e de explotación.

Tampouco quedarán sometidas ás autorizacións administrativas previa e de construción as modificacións non substanciais das liñas eléctricas de alta tensión, sempre garantindo o cumprimento das condicións de seguridade. Ademais, as instalacións eléctricas que non requiran proxecto de obras de edificación non precisarán licenza urbanística, e quedarán suxeitas ao réxime de intervención municipal de comunicación previa.

Esta novo regulamento supón dar un paso máis adiante no compromiso por ofrecer unha tramitación dos expedientes máis simple, áxil e transparente, o que contribúe a modernizar e flexibilizar a intervención administrativa e facilitar a comunicación cos cidadáns. Para cumprir este obxectivo, desde a Xunta téñense impulsado outras actuacións, como a Oficina *Doing Business*, un mecanismo pioneiro que identifica aquelas medidas que poden flexibilizar ou axilizar as tramitacións administrativas e que conta cunha plataforma pública en liña para que cidadáns, empresarios e emprendedores poidan coñecer o estado concreto dun proxecto, solucionar os seus problemas de tramitación, denunciar barreiras administrativas ou propoñer suxestións de mellora da regulación.

Nesta mesma liña enmárcanse tamén a Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que eliminou as licenzas municipais de obra e actividade para o exercicio de calquera actividade económica, facilitando a apertura de novos establecemento, e o Decreto que crea as entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM), que facilitan aos emprendedores as tramitacións que levar a cabo ante a Administración.

GALICIA, RECOÑECIDA CON TRES ESTRELAS POLA INICIATIVA EUROPEA EIP-AHA SOBRE ENVELLECIMENTO ACTIVO E SAUDABLE

- ***O galardón confirma o impacto positivo que as políticas, iniciativas e proxectos desenvolvidos polo sistema público de saúde teñen na cidadanía galega***

Galicia foi unha das galardoadas como rexión de referencia para o período 2016-2018 no Cumio sobre Innovación Dixital para o Envellecemento Activo e Saudable no marco da iniciativa europea EIP-AHA (European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing), celebrado en Bruxelas a pasada semana.

Segundo informou hoxe o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, aos membros do Consello da Xunta a Comunidade Autónoma foi recoñecida con tres estrelas das catro posibles, mantendo e mellorando deste modo o recoñecemento recibido en 2013.

Estes lugares de referencia son rexións, cidades, hospitais ou organizacións de asistencia sanitaria integrados que ofrecen exemplos concretos de servizos innovadores con valor engadido e probado para os cidadáns e os sistemas de asistencia sanitaria nas rexións da UE.

Na primeira convocatoria concedéranse acreditacións a 32 candidaturas e Galicia obtivera dúas estrelas. Nesta segunda convocatoria ampliouse a 74 o número de candidaturas e, a pesar do incremento da competitividade, Galicia progresou e obtivo tres estrelas, polo que a rexión se sitúa entre as primeiras de Europa neste eido.

A candidatura de Galicia, liderada pola Consellería de Sanidade a través da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), foi avaliada segundo cinco criterios: as políticas organizativas, tecnolóxicas e financeiras; a capacidade para compartir aprendizaxe, coñecemento e recursos para a innovación; a capacidade de contribuír á cooperación e transferibilidade europea a través de proxectos de innovación; a evidencia do impacto da triple hélice academia-investigación-empresa; e a escalabilidade e despregamento dos proxectos de innovación.

O recoñecemento por parte da Unión Europea con tres estrelas confirma o impacto positivo que as políticas, iniciativas e proxectos desenvolvidos polo sistema público galego de saúde -como InnovaSaúde e Hospital 2050- teñen nos cidadáns galegos.

Tamén se valorou o impacto destas accións no tecido socioeconómico da rexión e as novas iniciativas de innovación que están a ser desenvolvidas en Galicia, con proxectos transformadores como Código100 ou Empattics, e se apreciou a aposta do

Sergas pola cooperación a nivel internacional, especialmente dentro de programas de innovación europeos como o Horizon2020 e Interreg.

Durante o cumio celebrado a pasada semana en Bruxelas, a delegación galega coordinou unha reunión de traballo coas restantes rexións de referencias españolas, 13 en total, para impulsar proxectos a nivel nacional dentro desta rede de innovación fronte ao envellecemento activo. Na xuntanza participou Miguel González Sancho, xefe da Unidade de E-Health, Wellbeing and Ageing da Dirección Xeral de Comunicacions, Redes, Contidos e Tecnoloxías da Comisión Europea.

O TRÁFICO DE MERCADORÍAS NOS PEIRAOS AUTONÓMICOS SUPEROU OS 7 MILLÓNS DE TONELADAS NOS ÚLTIMOS 4 EXERCICIOS

- *A media anual de tráfico entre 2013 e 2016 é un 11,1% superior ca a dos anos que van entre 1999 e 2012*
- *No exercicio actual o tráfico das embarcacións en tránsito aumentou nun 28% en relación ao ano 2013*

O tráfico de mercadorías nos peiraos autonómicos superou os 7,1 millóns de toneladas de mercadorías entre xaneiro de 2013 e o 31 de outubro de 2016, último dato inventariado por Portos de Galicia ata o momento. Estas cifras recóllense nun informe da Consellería do Mar, presentado no Consello da Xunta esta mañá, e que dá conta dos tráxicos comerciais e náuticos rexistrados nos portos de titularidade autonómica entre o 2013 e o 2016, ambos os anos incluídos. Deste informe despréndese que a media anual de tráfico entre 2013 e 2016 é un 11,1% superior ca a dos anos que van entre 1999 (cando se crea o rexistro) e 2012.

Así mesmo, no que respecta ao tráfico de embarcacións en tránsito –embarcacións transeúntes que recalcan de xeito puntual nos portos deportivos galegos-, tamén mantivo entre 2013 e 2016 unha tendencia permanente á alza, pasando de 7.013 en 2013 a 8.205 no exercicio 2016, o que supón un incremento de preto de 1.200 barcos, que porcentualmente significa un 28% máis.

Nunha análise pormenorizada do período referido, os tráxicos comerciais e pesqueiros alcanzaron os máximos nos exercicios 2013 e 2014. No primeiro semestre de 2015 produciuse unha caída da actividade que pola contra quedou invertida coa suba rexistrada no segundo semestre. Polo que respecta aos 10 primeiros meses do ano 2016 os tráxicos pesqueiros e comerciais mantiveron niveis de consolidación achegándose de novo a valores de 2013.

En canto aos peiraos de maior actividade comercial, foron, durante todo o período referido, os de Ribadeo, Cariño e Cee, alternándose nas tres primeiras posicións en función dos anos. Polo que respecta ás mercadorías cargadas e descargadas nestes tres portos foron, respectivamente, a pasta de papel, a dunita e o mineral de manganeso.

Máximo histórico en 2013

Por anos, os mellores resultados rexistráronse no 2013, cando o movemento de mercadorías nos portos autonómicos acadou a súa marca histórica ao superar os dous millóns de toneladas. O balance de actividade de carga e descarga ao peche do exercicio rexistrou un movemento de 2.085.487 toneladas de mercadorías. En canto ao 2014, os peiraos comerciais de titularidade autonómica moveron durante todo o

ano un total de 2.025.184 toneladas de mercadorías, unha cifra moi similar á que no exercicio anterior marcará a marca histórica.

Polo que respecta ao 2015, Portos de Galicia rexistrou un movemento de mercadorías total de 1.603.040 toneladas. No primeiro semestre deste ano produciuse unha caída da actividade e no segundo semestre a evolución recuperou o sentido positivo.

Finalmente, o tráfico portuario de mercadorías nos peiraos autonómicos recuperou no que vai de ano 2016 a súa tendencia á alza e rexistrou nos primeiros 10 meses un incremento interanual do 5,6%, situándose no 31 de outubro nos 1,4 millóns de toneladas.